

EXPOSICIÓNS

"Ksado. Iconas de Galicia" continúa na Casa do Cabido

Dende xullo ata setembro a Casa do Cabido acolle a exposición "Ksado. Iconas de Galicia" do fotógrafo Luís Casado, de nome artístico Ksado. Esta mostra de arredor de 300 obxectos entre imaxes, postais promocionais, cromos e material fotográfico orixinal, que pode considerarse como pioneira pola súa gran extensión, contén desde fotografía clásica de estudio ata postais comerciais ilustradas, así como unha cámara de fotos pertencente ao propio Ksado

A exposición, gratuíta, está aberta en horario de 10 a 14 e de 17 a 21 de martes a sábado, e o domingo de 11 a 14.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/casa-do-cabido-acolle-una-extensa-mostra-fotografica-de-ksado>



MÚSICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA



A Real Filharmonía de Galicia e Victor Manuel cautivan Vigo cun concerto inolvidable

O día 14 de agosto a Real Filharmonía de Galicia compartiu o escenario do Auditorio de Castrelos co cantante Victor Manuel, como parte da súa xira en formato sinfónico. O público, entregado completamente ao espectáculo, tivo a oportunidade de escoitar ao cantautor asturiano nunha posta en escena innovadora, onde a simbiose entre a orquestra, o coro e a banda ofreceu unha experiencia única.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-actua-en-vigo-xunto-ao-cantante-victor-manuel-na-sua-xira-sinfonica/>

A Real Filharmonía de Galicia colabora xunto ao director José Luis Temes na gravación do seu último proxecto

Durante o mes de agosto, a Real Filharmonía de Galicia participou na gravación do máis novo proxecto musical do director José Luis Temes. Trátase da labor de inmortalizar as composicións inéditas de María Luisa de Borbón, coñecida como a primeira compositora española en escribir partituras sinfónicas. Esta proeza tradúcese en catro pezas breves que compoñen uns 40 minutos de música e, de momento, isto é o todo o que se coñece da obra de María Luisa de Borbón. O disco presentarase en novembro, coincidindo co bicentenario de falecemento da compositora. Este proxecto puido levarse a cabo grazas ao labor de investigación da musicóloga Ana Lombardía, profesora da Universidade de Salamanca, quen foi responsable por sacar á luz estas partituras.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-participa-na-gravacion-do-novo-proxecto-musical-do-director-jose-luis-temes/>



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

A EAEM publica unha convocatoria extraordinaria extraordinaria para o curso 2024-2025 do CAEO

Tras realizar as probas de selección da decimoterceira edición do Curso Avanzado de Especialización Orquestral, a EAEM lanza unha convocatoria extraordinaria na que se ofertan tres prazas de violín e unha de fagot que non se cubriron. As persoas interesadas en participar nas probas de selección, que se celebrarán o 23 de setembro de 2024, deberán presentar a súa solicitude antes do 16 dese mesmo mes. A inscrición ao curso pode facerse a través da web www.eaem.es, onde tamén se pode consultar as obras que deberán interpretarse na selección e atoparán todos os requisitos necesarios.



Máis información CAEO:

<https://eaem.es/gl/noticias/a-eaem-publica-una-convocatoria-extraordinaria-para-o-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-2024-2025/>